



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CMAT (COSTA DA MORTE ASOCIACIÓN DE TURISMO) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VALORIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS NO XEODESTINO COSTA DA MORTE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación CMAT (Costa da Morte Asociación de Turismo) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Turismo de Galicia e CMAT para a realización de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino Costa da Morte mediante o desenvolvemento das seguintes accións:

1. Deseño do Plan de Acción para o turismo de Costa da Morte
2. Actuación en materia de Produto Turístico
3. Comunicación e promoción do xeodestino
4. Secretariado técnico

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a





promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago, tendo entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- CMAT é unha entidade sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é promocionar e mellorar a calidade e a oferta do turismo na Costa da Morte e que ten entre seus fins:

- Aproveitar as oportunidades do sector turístico par o crecemento económico e vertebración social do xeodestino Costa da Morte.
- Aglutinar toda a cadea de valor do sector turístico, actuando como voceiro único e cualificado do sector no xeodestino Costa da Morte.
- Colaborar coas administracións públicas e co resto do sector público para o desenvolvemento dun marco legal e institucional do fomento do sector turístico no xeodestino Costa da Morte.
- Fomentar accións innovadoras para a mellora da concorrência do sector turístico no xeodestino Costa da Morte
- Mellorar, complementar e aumentar a oferta turística existente na zona, sempre baixo un criterio de calidade e sustentabilidade.

Terceiro.- A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

Dentro dos catorce xeodestinos nos que se dividiu o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia encóntrase o xeodestino número 2 “Costa da Morte” integrado polos concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Coristanco, Corcubión, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.





As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo na Costa da Morte contribúen á potenciación deste xeodestino e dá continuidade á colaboración establecida a través do Plan de Dinamización Turística Costa da Morte establecendo agora un conxunto de accións que afectan á totalidade do territorio do xeodestino, para desta forma potenciar un destino xa moi definido no ámbito turístico.

Asemade procurárase que as accións desenvolvidas a través deste convenio, contribúan á sensibilización tanto dos visitantes como dos propios veciños da zona sobre a importancia de preservar e poñer en valor os recursos naturais, culturais e enogastronómicos que teñen unha clara proxección turística co correspondente beneficio económico para a zona.

Quinto.- A través deste convenio, outórgase a Asociación CMAT (Costa da Morte Asociación de Turismo) unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

